Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal: profesionais do sector audiovisual vinculados ás producións audiovisuais realizadas en Galicia e/ou por empresas do sector audiovisual galego.

Procedemento ou recollida de datos: manifestación ou declaración do propio interesado ou do seu representante legal, entrevistas, formularios, enquisas, solicitudes, fichas mediante soporte papel ou transmisión telemática.

1. Datos identificativos: datos de identidade da persoa de contacto das empresas de produción audiovisual: nome e apelidos, cargo, enderezo, cidade, país, código postal, correo electrónico, teléfonos e fax.

2. Cesións de datos de carácter persoal: previstas a entidades de produción audiovisual e profesionais do sector, co consentimento previo do interesado.

3. Transferencia internacional de datos: prevista a entidades de produción audiovisual e profesionais do sector co consentimento previo do interesado con sede nos seguintes países: membros da UE: Albania, Rusia, Noruega, Croacia, Suíza, Serbia; América del Sur: Arxentina, Brasil, México, Chile, Colombia, Cuba, Perú; América do Norte: Canadá, EE.UU.; Asia: China, Corea do Sur, Xapón, Turquía, Siria; Oceanía: Australia; África: Sudáfica, Marrocos.

4. Órgano responsable do ficheiro: o Consorcio Audiovisual de Galicia.

5. Servizo ou unidade ante o que poden exercer os dereitos: o Consorcio Audiovisual de Galicia.

6. Medidas de seguridade do ficheiro: nivel básico.

## CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

*Anuncio de modificación da relación de postos de traballo.*

De acordo co convenio colectivo único de persoal laboral publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 213, do 3 de novembro de 2008, e de acordo co punto 3.3 dos estatutos do Consorcio Bugalicia, o Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, na súa reunión do 24 de novembro de 2008, acordou modificar a súa relación de postos de traballo, que queda configurada da seguinte forma:

Notas:

V: vacante;

N: nivel;

CE: complemento específico;

Tipo de posto: S: singularizado; N: non singularizado.

Adscr. Adm. P.: tipo de administración a que debe pertencer o titular do posto de traballo.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2008.

Victoria Millor Rego
Directora técnica do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

*ANEXO I*

**Relación de postos de traballo de Bugalicia**

| Código | Denominación posto | V | N | CE | Tipo de posto | Forma de provisión | Grupo | Corpo/Escala/Categoría profesional | Adscr. Adm. P. | Titulación académica | Observacións |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **01. Unidade de sistemas informáticos** | | | | | | | | | | | |
| 01.00.01 | Técnico/a superior diplomado/a en informática | Si | | | | C | II | 27 | | Diplomado/a en informática ou enxeñaría técnica informática | Persoal laboral temporal |
| 01.00.02 | Programador/a | Si | | | | C | III | 30 | | Bacharelato, FP II (explotación de sistemas informáticos) ou equivalente | Persoal laboral fixo Especial dispoñibilidade horaria. |
| **0.2 Unidade administrativa** | | | | | | | | | | | |
| 02.00.01 | Encargado/a/administrativo/a | Si | | Si | | C | III | 2 | | Bacharelato, FP II ou equivalente | Persoal laboral fixo |
| **03. Unidade de xestión bibliotecaria** | | | | | | | | | | | |
| 03.00.01 | Xestor/a de documentación | Si | | | | C | II | 42 | | Diplomado/a en biblioteconomía e documentación ou equivalente | Persoal laboral temporal |
| 03.00.02 | Bibliotecario/a | Si | | | | C | I | 17 | | Licenciado/a historia: orientación patrimonio documental e bibliográfico; lic. en documentación ou equivalente | Persoal laboral fixo Especial dispoñibilidade horaria. |

Aprobada en C.G. do 24 de novembro de 2008.